

COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 14 DE XULLO DE 2016

Acórdase/apróbase por asentimento¹:

1. As actas da reunión ordinaria do día 31 de maio e extraordinaria do día 6 de xullo de 2016.
2. Validar o proxecto de Regulamento de prácticas externas e os seus correspondentes anexos.
3. Enviar desde o Decanato un escrito dirixido ás persoas responsables da coordinación das áreas ou profesorado, comunicándolles o seu nivel de gasto e instándolles a facer uso do seu orzamento con antelación suficiente ao peche do exercicio presupostario.
4. As seguintes propostas de gasto:
 - a) Electrificación de dúas aulas da Facultade, unha con cargo ao orzamento do edificio e a outra con cargo ao orzamento do Centro.
 - b) Instalar no quinto andar unha fotocopiadora-impresora en rede, unha vez que desde o Decanato se examinen as distintas opcións ao efecto, optando pola máis ventaxosa economicamente.
 - c) Reedición dos Estatutos do estudante para entregar ao alumnado de primeiro curso.
 - d) Comprar unha encuadernadora de espirais e os materiais necesarios.
5. Enviar un escrito á Vicexerencia económica no que se fagan costar as queixas dos usuarios do Centro sobre a mala calidade dos produtos do catálogo básico do proveedor en exclusiva da Universidade de Vigo e as dificultades que prantexa o servizo on line de pedidos de material.
6. Facer constar na web do centro, no relativo ás actas dos distintos órganos colexiados, que poden consultarse na Secretaría do Decanato.
7. O cronograma de actividades de calidade para o primeiro cuadrimestre do curso 2016-17.
8. Validar as alegacións ao informe provisional da ACSUG relativo ao Máster universitario en Avogacía.
9. Enviar un escrito á ACSUG instando nos procesos de renovación de acreditación dos títulos únicos que se imparten na Facultade de Dereito –Grao en Dereito e Máster universitario en avogacía- unha valoración separada por centros de impartición, coa finalidade de que estes procesos permitan realmente avanzar na mellora continua das titulacións impartidas na Facultade e sometidas ao sistema de garantía da calidade do centro.
10. Validar o anteproxecto de PAESU para o curso 2016-2017 e remitilo á área de calidade da Universidade para que informe sobre o mesmo.
11. Validar a inclusión do modelo de formulario que evidencia a titorización do TFG e do TFM como anexo no procedemento R2-DO0103P1, para o seguimento e o control da docencia na Facultade de Dereito.
12. Validar a inclusión do modelo optativo de cronograma para as materias do Grao como anexo no procedemento R2-DO0103P1, para o seguimento e o control da docencia na Facultade de Dereito.
13. Validar a inclusión do seguinte parágrafo no apartado 2 do procedemento R2-DO0103P1, para o seguimento e o control da docencia na Facultade de Dereito: “é obriga do profesorado do centro presentar un cronograma das materias que imparten no Grao, no formato que estimen oportuno, pero que inclúa, en esencia, todos os aspectos contemplados polo modelo que, a

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

título orientativo, figura anexo ao presente procedemento e, en todo caso, os apartados sobre contidos, planificación docente e avaliación; debendo ademais deixar evidencia das reunións de coordinación da materia mantidas para a elaboración do cronograma, de ser o caso. Ao profesorado que incumpra esta obriga, aplicaráselle o contemplado no punto 9 deste procedemento, relativo a situacións anómalas na docencia ou avaliación, con independencia doutras posibles sancións que puidera acordar a comisión de calidade do centro, que deberán ser refrendadas pola Xunta de Facultade.

14. Enviar un correo ao profesorado que imparte materias no primeiro cuatrimestre para solicitarlles os cronogramas correspondentes.
15. Validar o Curso Cero, o curso 3.5 (para o alumnado do Grao) e a xornada de acollida (para o alumnado do Máster universitario en Avogacía), delegando no Decanato a corrección dos erros formais e a incorporación de modificacións puntuais que redunden na súa mellora.
16. Validar os criterios de selección e admisión de estudantes adoptados pola Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía.
17. Apoiar a resolución tomada pola Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía relativa ao alumnado co título de acceso obtido nun centro estranxeiro, achegando á Reitoría un escrito conxunto ao respecto.
18. Validar a composición da Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía, como responsable da selección de estudantes no mesmo.

Ourense, 15 de xullo de 2016



Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 14 de xullo de 2016, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web da Facultade o día 15 de xullo de 2016.



Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito